

MYKES

Boletín do Grupo Micológico Galego
“Luis Freire”

Volume 22
2019



GRUPO MICOLÓGICO GALEGO

RUSSULALES DA RESERVA DA BIOSFERA ÁREA DE ALLARIZ (OURENSE, NO. IBÉRICO)

por
M. RIVAS *et* M.L. CASTRO

RIVAS, M. *et* CASTRO, M.L. 2019. *Russulales* da Reserva da Biosfera Área de Allariz (Ourense, NO. Ibérico). *Mykes* 22: 29-37.

Resumo

Neste estudo recollemos as especies de *Russulales* atopadas ata o día de hoxe na Reserva da Biosfera Área de Allariz.

Palabras clave: micobiota, Allariz, Galicia, Reserva da Biosfera, *Russulales*, biodiversidade.

RIVAS, M. *et* CASTRO, M.L. 2019. *Russulales* of the Biosphere Reserve “Área de Allariz” (Ourense, NW Iberian Peninsula). *Mykes* 22: 29-37.

Summary

In this study we gather the *Russulales* species found to date in the Biosphere Reserve “Área de Allariz”.

Keywords: mycobiota, Allariz, Galicia, Biosphere Reserve, *Russulales*, biodiversity.

INTRODUCCIÓN

Este artigo é outro da serie referido ao estudo dos macromicetos (*Ascomycota* e *Basidiomycota*) que comezou cos traballos de RIVAS & CASTRO (2018, 2019) co fin de coñecer mellor a micobiota da provincia de Ourense en xeral, e da Reserva da Biosfera Área de Allariz, en particular.

¹Laboratorio de Micoloxía, Facultade de Bioloxía, Campus As Lagoas-Marcosende, E-36310, Vigo; e-mail: maurorivasferreiro@gmail.com e lcastro@uvigo.es

A zona de estudo é interesante por ter unha altitude media (450-600 m) e un bioclima característico da provincia de Ourense. A vexetación autóctona está relativamente ben conservada, tanto as matogueiras e bosques de caducifolias como as ripisilvas.

Como xa se indicou noutras publicacións (RIVAS & CASTRO, 2018, 2019), a micobiota da provincia de Ourense é aínda moi descoñecida. Con esta contribución engádense 11 taxons de *Russulales* ao catálogo da Reserva da Biosfera Área de Allariz. Anteriormente foran atopados na zona de estudo: *Hericium erinaceus* (Bull.) Pers. (BLANCO-DIOS, 1999), *Lactarius turpis* (Weinm.) Fr. (BLANCO-DIOS, 2002), *Lentinellus ursinus* (Fr.) Kühner, *Russula acrifolia* Romagn., *R. graveolens* Romell in Britzelm., *R. nobilis* Velen., *R. turci* Bres., *R. velenovskyi* Melzer et Zvára e *R. versicolor* Jul. Schäff. (RIVAS & CASTRO, 2018).

METODOLOXÍA

As características desta área, así como a metodoloxía seguidas aparecen descritas con máis detalle no artigo de RIVAS & CASTRO (2018).

Da mesma maneira indicar que o material estudado foi recollido por M. Rivas e xa deshidratado (*exsiccata*) depositouse na micoteca UVIGO-Fungi da Universidade de Vigo.

Para realizar unha primeira aproximación na identificación, empregáronse obras clásicas e xerais como MOSER (1980), BON (2005) e COURTECUISSE & DUHEM (2005), entre outros; pero nunha orde tan complexa sistemática e taxonomicamente foi imprescindible o uso de estudos monográficos como ROMAGNESI (1967), KRÄNZLIN (2005), BASSO (1999), SARNARI (1998, 2005) ou VERBEKEN *et al.* (2018). Como é habitual neste tipo de traballos, a actualización nomenclatural foi feita usando a base de datos INDEX FUNGORUM (en liña).

CATÁLOGO DE ESPECIES

Os taxons figuran por orde alfabética de xéneros e de especies. Para valorar a aportación coroloxía indícase a distribución mundial (GBIF SECRETARIAT, 2017), sinalando o número de referencia, a distribución en Ourense e no resto de Galicia indícase consultando a base de datos MICOGA (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, en liña), xunto con outros traballos referidos a este territorio e publicados posteriormente.

***Lactarius chrysorrhoeus* Fr., *Epicr. syst. mycol.*: 342. 1838**

Allariz, Santo Estevo, 29TPG0174, baixo piñeiros, 25-XI-2017, UVIGO-Fungi 146.

Xeorreferenciada para todo o hemisferio norte, América Central e Papúa Nova Guinea (GBIF Secretariat, 2017: nº 5248610). Citada para toda Galicia.

***Lactarius controversus* (Pers.: Fr.) Fr., *Epicr. syst. mycol.*: 335. 1838**

Allariz, Foxo Vello, 29TNG9571, baixo carballos e castiñeiros, 21-X-2017, UVIGO-Fungi 52.

Xeorreferenciada para o hemisferio norte (GBIF Secretariat, 2017: nº 5248714). Citada para toda Galicia.

***Lactarius necator* (Bull.) Pers., *Observ. mycol.*, 2: 42. 1800 (1799) [Fig. 1]**

Allariz, Meire, 29TPG0172, baixo bidueiros, 22-X-2017, UVIGO-Fungi 62.

Segundo se indica na base nomenclatural INDEX FUNGORUM (en liña) existe unha certa confusión entre *Lactarius necator* s. auct., que corresponde a *L. turpis* (Weinm.) Fr., con *L. necator* (Bull.) Pers. Na recente revisión de VERBEKEN *et al.* (2018) considéranse sinónimos os taxons descritos por Persoon e Fries, dando prioridade ao nome dado por Persoon.

Esta confusión foi arrastrada durante anos, polo que indicar a súa xeorreferencia non resulta fácil; non obstante, ámbalas dúas figuran como frecuentes no hemisferio norte (GBIF Secretariat,

2017: nº 5248670 e nº 5248667). Tamén aparece citado para as catro provincias galegas.



Fig. 1. *Lactarius necator* (UVIGO-Fungi 62).

***Lactarius* sp.** [Fig. 2]

Allariz, Nanín, 29TPG0069, carballeira, rodeada de piñeiros, 18-XI-2017, UVIGO-Fungi 136. Allariz, Canelar, 29TNG9969, carballeira, 9-XII-2017, UVIGO-Fungi 176.

As dúas coleccións estudadas son moi semellantes, probablemente se trate do mesmo taxon. Ámbalas dúas coinciden coas descrições do subxénero *Russularia* (Fr. ex Burl.) Kauffman, segundo o indicado por Wisitrassameewong *et al.* (2016); pero ao tratarse dun subxénero con características macroscópicas moi uniformes, látex pouco patente e acuoso e autoecoloxía moi variable, non foi posible identificalas ao nivel de especie, polo que se espera conseguir máis material no futuro para poder facer un adecuado tratamento a nivel molecular.




Fig. 2. *Lactarius* sp. (UVIGO-Fungi 136). A: basidioma. B: cistidios con incrustaciones.

***Lactarius torminosus* (Schaeff.) Gray, Nat. Arr. Brit. Pl., 1: 623. 1821 [Fig. 3]**

Allariz, San Breixo, 29TPG0075, no claro que forma o borde dunha plantación de piñeiros e unha carballeira, 25-XI-2017, UVIGO-Fungi 154.

Xeorreferenciada para todo o hemisferio norte e en Oceanía (GBIF Secretariat, 2017: nº5248619). Citada para Lugo, A Coruña e Ourense.



Fig. 3. *Lactarius torminosus* (UVIGO-Fungi 154).

***Russula atropurpurea* (Krombh.) Britzelm., Bot. Centralbl., 54(4): 99. 1893**

Allariz, O Briñal, 29TNG9571, souto, 30-IX-2017, UVIGO-Fungi 19. Allariz, Meire, 29TPG0172, carballeira, 25-XI-2017, UVIGO-Fungi 155.

Esta especie está exclusivamente xeorreferenciada no hemisferio norte: Europa, América do Norte e a costa este de Asia (GBIF Secretariat, 2017: nº2551470). Aparece citada para as catro provincia galegas.

***Russula cyanoxantha* (Schaeff.) Fr., Monogr. Hymenomyc. Suec., 2: 194. 1863**

Allariz, Meire, 29TPG0172, carballeira, 22-IX-2017, UVIGO-Fungi 21. *ibidem*, 8-X-2017, UVIGO-Fungi 34.

Xeorreferenciada en tódolos continentes menos en África, e principalmente no hemisferio norte (GBIF Secretariat, 2017: nº 2551542). Citada para as catro provincias galegas.

***Russula foetens* Pers.: Fr.**, *Epicr. syst. mycol.*: 359. 1838

Allariz, O Briñal, 29TNG9571, souto, 30-IX-2017, UVIGO-Fungi 28.

Especie referenciada para todo o hemisferio norte, Nova Zelandia e Australia (GBIF Secretariat, 2017: nº2551447). Aparece citada para as catro provincias galegas.

***Russula heterophylla* (Fr.: Fr.) Fr.**, *Epicr. syst. mycol.*: 352. 1838

Allariz, Meire, 29TPG0172, carballeira, 18-XI-2017, UVIGO-Fungi 116.

Especie xeorreferenciada só para o hemisferio norte, especialmente Europa (GBIF Secretariat, 2017: nº2551597). Amplamente citada para Galicia.

***Russula virescens* (Schaeff.) Fr.**, *Anteckn. Sver. Ätl. Svamp.*: 50. 1836

Allariz, Foxo Vello, 29TNG9571, souto, 21-X-2017, UVIGO-Fungi 43.

Especie amplamente referenciada para o hemisferio norte, especialmente Europa e América do Norte (GBIF Secretariat, 2017: nº2551423). Amplamente citada para Galicia.

***Stereum hirsutum* (Willd.) Pers.**, *Observ. mycol.*, 2: 90. 1800 (1799)

Allariz, Foxo Vello, 29TNG9571, rama de carballo, 21-X-2017, UVIGO-Fungi 51. Allariz, Nanín, 29TPG0069, cortiza de piñeiro, 9-XI-2017, UVIGO-Fungi 96. Allariz, Meire, 29TPG0172, rama de carballo, 2-I-2018, UVIGO-Fungi 181.

Xeorreferenciada para todo o mundo (GBIF Secretariat, 2017: nº2553128). Citada para toda Galicia.

AGRADECIMENTOS

Queremos mostrar o noso máis sincero agradecemento aos compañeiros do Laboratorio de Micoloxía da Universidade de Vigo: Gabriel (Gabi) Pérez-Torrón, Hugo Fernández-Ricón, María Cabaleiro, Andrés Cordeiro e Paula Estévez, así como ao persoal do Concello de Allariz pola súa colaboración.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BASSO, M.T. 1999. *Lactarius Pers. Fungi Europaei vol. 7*. Alassio. Ed. Libreria Mykoflora.
- BLANCO-DIOS, J.B. 1999. Fragmenta chorologica occidentalia, Fungi, 6937-6949. *Anales Jard. Bot. Madrid*. 57(1): 143.
- BLANCO-DIOS, J.B. 2002. Fragmenta chorologica occidentalia, Fungi, 7893-7912. *Anales Jard. Bot. Madrid*. 59(2): 298.
- BON, M. 2005. *Guía de campo de los hongos de España y Europa*. Barcelona. Ed. Omega.
- COURTECUISE, R. & DUHEM, B. 2005. *Guía de los hongos de la Península Ibérica, Europa y norte de África: 1751 especies descritas e ilustradas*. Barcelona. Ed. Omega.
- GBIF SECRETARIAT. 2017. *GBIF Backbone Taxonomy. Checklist dataset* <https://doi.org/10.15468/39omei> accessed via GBIF.org [Consulta: 1-VII-2018].
- INDEX FUNGORUM. 2019. *Nomenclatural database Index Fungorum Partnership* [en liña]. Disponible en <http://www.indexfungorum.org/names/names.asp> [Consulta: 2-VII-2019].
- KRÄNZLIN, F. 2005. *Champignons de Suisse. Tome 6: Russulaceae, Lactaires, Russules*. Luzern. Ed. Mykologia.
- MOSER, M.M. 1980. *Guida alla determinazione dei funghi: Polyporales, Boletales, Agaricales, Russulales*. Trento. Ed. Saturnia.
- RIVAS, M. & CASTRO, M.L. 2018. Macromicetos da Reserva da Biosfera Área de Allariz: aportación ao catálogo micolóxico da provincia de Ourense. *Mykes*, 21: 27-49.
- RIVAS, M. & CASTRO, M.L. 2019. *Boletales* da Reserva da Biosfera Área de Allariz (Ourense, N.O. Ibérico). *Mykes*, 22: 19-28
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. & CASTRO, M.L. 2018-2019. *MICOGA. Base de datos de información corolóxica da micobiota galega* [en liña]. Disponible en <https://www.mykes.es/busquedas> [Consulta: 15-V-2018].

- ROMAGNESI, H. 1967. *Les Russules d'Europe et d'Afrique du Nord*. Paris. Bordas.
- SARNARI, M. 1998. *Monografia illustrata del genere Russula in Europa. Tomo Primo*. Trento. Fondazione Centro Studi Micologici dell'AMB.
- SARNARI, M. 2005. *Monografia illustrata del genere Russula in Europa. Tomo Secondo*. Trento. Fondazione Centro Studi Micologici dell'AMB.
- VERBEKEN, M., NUYTINCK, J. & NOORDELOOS, M.E. 2018. *Russulales Kreisel ex Kirk, P.F. Cannon & J.C. David*. En: M.E. NOORDELOOS, T.W. KUYPER, I. SOMHORST & E.C. VELLINGA (Eds.), *Flora Agaricina Neerlandica: Critical monographs on families of Agarics and Boleti occurring in the Netherlands*, Vol. 7:226-355.
- WISITRASSAMEEWONG, K., LOONEY, B., HUYEN, L.T., DE CROP, E., DAS, K., VAN DE PUTTE, K., EBERHARDT, U., JIAYU, G., STUBBE, D., HYDE, K.D., VERBEKEN, A. & NUYTINCK, J. 2016. *Lactarius* subgenus *Russularia* (*Basidiomycota, Russulales*): Novel Asian species, worldwide phylogeny and evolutionary relationships. *Fungal Biology*, 120(12): 1-28.